



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL ONCE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. ANGEL LOPEZ SUEIRO.

CONCELLEIROS:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

DNA. JOSEFA FINA SECO VILAR.

D. FERNANDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ.

D. FERNANDO VILAR DÍAZ.

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO.

D. JUAN PUENTES CALVO .

SECRETARIO:

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e cinco de abril de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. ANGEL LOPEZ SUEIRO, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia Dna. Eva María Fraga Sanmartín.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL ONCE. ACORDO QUE PROCEDA.-

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros /as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta e un de marzo de dous mil once.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la acta da sesión anterior.

2.- CONTA XERAL 2010. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno da Corporación de que a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2010 foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas celebrada o día oito de marzo de dous mil once, publicouse anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia nº 48 de data 11 de marzo de 2011, estando exposto ó público polo prazo regulamentario de 15 días hábiles máis outros 8 sen que se presentara ningunha reclamación, procede pois sometela á aprobación polo Pleno do Concello.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para poñer de manifesto que este asunto merecía un pouco de debate, pero que o seu grupo opina o xa dito na Comisión Informativa, que o equipo de goberno gasta pouco e mal.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, dise que o seu grupo somentes está en contra de cómo se gasta o diñeiro, non tendo nada en contra dos aspectos técnicos e formais da Conta Xeral.

Polo voceiro do Grupo Mixtro - BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que a Conta Xeral vén a ser unha certificación do conxunto dos gastos que se adaptan á lei, e aquí non se trata de facer un debate de cómo se gasta, xa que o que se vota no pleno é se a Conta Xeral é legal ou non.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise non estar de acordo coa interpretación do Concelleiro do Grupo Mixto - BNG, e manifesta que é evidente a presunción de legalidade.

Do mesmo xeito polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, dise que a Conta Xeral que se presenta ó Pleno é legal baixo o punto de vista do seu grupo, cuestión distinta é que non se está de acordo cómo se gasta.

A petición do voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, polo secretario - interventor dise que a Conta Xeral é en realidade un resumo contable da xestión económico-financeira levada a cabo polo equipo de goberno que se corresponde cun determinado exercicio orzamentario.

Sometido o asunto a votación, o pleno da Corporación, por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres/Sra. Concelleiros /a dos Grupos Municipais do P S de G- PSOE e Mixto - BNG, e 3 votos en contra dos Sres. Concelleiros dos

Grupos Municipais do Partido Popular, e Terra Galega), adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la Conta Xeral correspondente ó exercicio 2010.

2º.- Remiti-la en tempo e forma ós efectos de fiscalización ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas de Galicia.

3.- SORTEO DAS MESAS. PROCESO DE ELECCIÓNS LOCAIS MAIO 2011.-

De seguido procédese ó sorteo por medios informáticos dos membros das mesas do proceso electoral correspondente ás Eleccións Locais a celebrar o día vinte e dous de maio de dous mil once, sendo o seu resultado o que segue:

MESA A

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
Presidenta	ALMEIDA	CASCUDO	MARIA CARMEN	76.414.636 B
1º Vogal	DOBARRO	COUTO	JOSE	32.635.952 X
2º Vogal	SOBREDO	ARRIBA DE	JOSE	10.054.955 E
SUPLENTES				
De Presidenta	LAGOA	MARTIÑO	MARTA MARIA	32.661.583L
De Presidenta	PAZ	ROCA	GEMMA	32.672.260R
1º De 1º Vogal	PAZ	SANMARTIN	TAMARA	32.706.698P
2º De 1º Vogal	PERMUY	MARTINEZ	MARIA DEL MAR	32.669.381 C
1º de 2º Vogal	FERNANDEZ	GARCIA	LUZ MARIA	32.630.789E
2º de 2º Vogal	SEIJO	PICO	DANIEL	32.713.275F

MESA B

TITULARES				
CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
Presidenta	ROMERO	ROMERO	MARIA BELEN	76.414.903W
1º Vogal	PICO	PICO	PEDRO	32.627.674N
2º Vogal	BOUZA	PIÑEIRO	PABLO	32.710.526 H
SUPLENTES				
Da Presidenta	BOUZA	ARNOSO	ROSA MARIA	32.677.053X
Da Presidenta	SALGADO	RODRIGUEZ	JOSE ANTONIO	76.393.499B
1º DE 1º VOGAL	VILARIÑO	OTERO	JOSÉ LUCAS	32.631.404 Q
2º DE 1º VOGAL	PIÑEIRO	LÓPEZ	NELIDA	32.717.279D
1º DE 2º VOGAL	RODRIGUEZ	LÓPEZ	LAURA	32.662.200S
2º DE 2º VOGAL	PEREZ	GRAÑA	MARIA JOSÉ	32.662.502H

O Pleno da Corporación queda enterado debendo remitirse os resultados á Xunta Electoral de Zona.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Asdo.: Angel Lopez Sueiro.

O Secretario,



Asdo.: José A. Meizoso Paz.